Galicia Encantada

20 ANIVERSARIO 2005 ✻ 2025

Enciclopedia de Fantasía Popular de Galicia

## Demo e o seu mundo

### CATEGORÍAS RELACIONADAS

### *Orixe do cruceiro de Entrecastrelos*

**Localización**: En fronte da casa de Fariña. Foi trasladado uns metros, por mor da construción dunha presa para a auga.
**Lugar**: Entrecastrelos
**Parroquia**: Ribela
**Concello**: A Estrada (Pontevedra)

Un home da casa de Fariña foi á noitiña ao muíño de Lourenzo no río Umia. Cando regresou xa se fixera de noite, e ademais pechara de néboa e non era quen de ver camiño nin carreiro.
De repente, sentiu un ruído forte, como de trono, e viu, entre a néboa, unha nube loira. Non sabía que facer nin que dicir; ata que, falando para si, dixo:
-E, que fago?
-Métete aquí - escoitou que lle dicían, mentres vía como se abría na nube un oco grande e negro que o convidaba a entrar.
A nube, decatouse o home de contado, era un disfrace máis dos moitos que adoita o Demo, e o burato negro que lle ofrecía non era outra cousa que o mesmísimo cu do Demo.
E xa case obedecía, e xa se dispoñía a entrar naquela caverna escura cando, probablemente de xeito

involuntario, se lle ocorreu facer o sinal da cruz.

De inmediato a nube (Demo) estoupou. O home correu camiño arriba canto puido ata chegar a carón da súa casa onde sentou sen alento. Mais, lembrándose da sorte que tivera, prometeulle a Deus facer un cruceiro naquel mesmo lugar en sinal de agradecemento.

Mágoa non sabermos exactamente onde se erixiu o cruceiro de Entrecastrelos orixinalmente, pois ese era o lugar exacto onde aquel home da casa de Fariña decidira perpetuar para a memoria dos veciños o enorme medo, o pavor, que pode causar o Demo.

## BIBLIOGRAFÍA

REIMÓNDEZ PORTELA, Manuel, *A Estrada rural*, Excma. Deputación Provincial de Pontevedra 1990.